

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Listas provisionais - Proceso estabilización - Oficial/a electromecánico/a -
Persoal laboral fixo

EXPEDIENTE: 2023/G003/000093

Vista a Resolución da Alcaldía do Concello de Teo nº 1557/2022, de 29 de novembro, pola que se aprobou as bases xerais e específicas e convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto no artigo da Lei 20/2021 de 28 de decembro mediante o sistema de concurso - oposición, dunha (1) praza de oficial/a electromecánico/a, persoal laboral fixo.

Considerando que con data 16 de xaneiro de 2023 expirou o prazo de presentación de instancias para participar no devandito proceso selectivo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas:

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME LINGUA GALEGA
REY IGLESIAS	MARCELINO	***4388**	EXENTO

Segundo.- De conformidade co previsto na base sexta das Bases reguladoras deste proceso selectivo, as persoas aspirantes excluídas ou as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para reclamacións ou corrección de defectos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non corrixisen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentar reclamacións ou correccións dentro deste prazo, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva.

Terceiro.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz